

COPIA CONTROLADA:  Non  Si: nº \_\_\_\_\_ Assignada a: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

## PROCEDEMENTO PARA A IDENTIDADE GRÁFICA DO LOGOTIPO

### MODIFICACIÓNS RESPECTO DA EDICIÓN ANTERIOR:

- Se actualizou en base ao Regulamento (UE) 2018/848
- Añádese o control sobre as autorizacións do logotipo.
- Detállanse as condicións da utilización do logotipo.

Elaborado polo Xestor da Calidade:

Revisado e aprobado polo Presidente:

ÍNDICE:

- 1.- OBXECTO
- 2.- ALCANCE
- 3.- REFERENCIAS
- 4.- REALIZACIÓN
  - 4.1.- Metodoloxía.
  - 4.2.- Código del Organismo de Control.
  - 4.3.- Logotipo europeo del UE.
  - 4.4.- Uso do logotipo.
  - 4.5.- Proceso de Solicitud de utilización do logotipo
  - 4.6.- Cartel identificación
  - 4.7.- Mal uso do logotipo.
  - 4.8.- Modificacións do logotipo.
- 5.- ANEXOS



### **1.- OBXECTO.**

Este procedemento ten coma obxectivo consolidar a imaxe do logotipo CONSELLO REGULADOR DA AGRICULTURA ECOLÓXICA DE GALICIA (dende agora, CRAEGA) no seu uso polos operadores, polas empresas colaboradoras e polas persoas ou empresas externas.

### **2.- ALCANCE.**

Este Procedemento de Calidade aplícase ás seguintes entidades:

- Clientes operadores inscritos en calquera dos catro rexistros do CRAEGA
  - Empresas colaboradoras. Aquelas que teñan asinado calquera tipo de contrato de colaboración, imprentas, venda polo miúdo, etc...; nese convenio recóllese o emprego do logotipo e do material en que se utiliza.
  - Empresas ou persoa externas. Puntualmente, tras a aprobación do CRAEGA
- O seu uso está suxeito ás condicións especificadas no procedemento.

### **3.- REFERENCIAS.**

- Manual da Calidade do CRAEGA, Seccións e Capítulos.
- Procedemento 3 POC-03.
- Procedemento 6 POC-06.
- Norma UNE-EN ISO/IEC 17065: “Requisitos para organismos que certifican produtos, procesos e servizos”.

## **4-REALIZACIÓN.**

### **4.1. Metodoloxía.**

A marca “Agricultura Ecolóxica de Galicia” está recollida no anexo á Orde do 3 de Abril de 2009, pola que se aproba o Regulamento de Funcionamento do CRAEGA e posterior Orde do 14 de decembro de 2018 pola que se modifica o regulamento de funcionamento do CRAEGA.

A marca testemuña que os Operadores que a ostentan foron recoñecidos polo Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia.

O logotipo da marca reproducése no Anexo I deste documento.

### **Identidade gráfica do Logotipo do CRAEGA.**

O logotipo do CRAEGA é o distintivo gráfico co que se identifican os produtos certificados polo CRAEGA

O logotipo do CRAEGA deberase reproducir a partir deste procedemento en que se describen cores, tamaños e tipografía.

En ningún caso se poderá modificar ou rediseñar, e soamente se aceptará o logotipo definido no Anexo I.

Calquera representación deste deberá respectar as relacións de proporcionalidade entre os seus elementos.

### **Cor.**

Os cores de referencia para o logotipo en cor son os seguintes

Tintas Planas:

Pantone Azul 292-C.

Pantone Yellow-C.

Pantone Verde 368-C.

Pantone Marrón 471-C.

No caso de positivo e negativo.

# ***Procedementos Operativos de Calidade***

## ***IDENTIDADE GRÁFICA DO LOGOTIPO***



O CRAEGA poderá utilizar tanto no seu material de control (exemplo: precintos), así como no seu material publicitario ou de outra índole (exemplo: bolsas para a toma de mostras) a impresión en unha sola tinta, polo que se aceptará o logotipo en:

- escala de cores,
- monocor,

No caso do material de control dos operadores certificados, poderán utilizar na súa etiqueta:

### Escala de cores:

- Lúa e fondo co cor de embalaxe ou da etiqueta.
- Letras no cor desexado
- Terra, sol, ceo e raias transversais. Con un porcentaxe de saturación do cor desexado, diferente en cada un deles.

### Monocor:

Existindo múltiples posibilidades pero baseándose nun cor sobre outro cor de fondo.

### **Tipografía.**

CRAEGA: Univers 65 Bold

Consello Regulador: Univers 65 Bold condensada a o 75%

### **Dimensións.**

As dimensións do logotipo poden ampliarse ou reducirse para adaptalo ás necesidades do operador, sempre que se conservaren as proporcións orixinais de 45 por 30 mm.

Non se aceptarán tamaños que fagan ilexíbeis o código de Autoridade de (ES-ECO-022-GA).

O tamaño mínimo de redución do logotipo do CRAEGA é de 13,5 por 9 mm.

Co carácter excepcional no caso dos envases moi pequenos, e previa solicitude ao CRAEGA o tamaño mínimo pode reducirse a unha altura de 9 mm por 6 mm da base.

Na etiquetaxe de produtos que fagan uso do logotipo do CRAEGA, por debaixo deste deberá engadirse o número de etiqueta de control autorizado; tamén estaría autorizado engadir este número de etiqueta no lateral dereito ou esquerdo, sempre no mesmo sentido de lectura que o das letras que ten por baixo.

Tamén poderá engadirse o número de etiqueta en calquera parte do envase sempre e cando se encontre no mesmo campo visual que o logotipo. E a numeración facilitada polo CRAEGA estea precedida das letras maiúsculas “AE”

No suposto que non exista posibilidade de que a numeración teña no mesmo campo visual que o logotipo, se debe indicar debaixo do logotipo a seguinte indicación: “ver impresión da numeración en: (indicar parte onde vai a numeración)”. Neste caso a numeración facilitada polo CRAEGA tamén vai precedida das letras maiúsculas “AE”



### **4.2. Código do organismo do control**

O código do organismo de control identifica ao CRAEGA como responsable do control e a certificación do produto. Este código que acompaña ao logotipo nos produtos certificados está formado por unha secuencia de letras e números que no caso de Galicia e **ES-ECO-022-GA**, e a utilización deste código e obrigatoria no etiquetado e debe facerse de tal maneira que figure no mesmo campo visual que o logotipo europeo, de non poderse utilizar o logotipo europeo debe figurar no mesmo campo visual que o logotipo do CRAEGA.

### **4.3. Logotipo europeo da UE**

O actual logotipo da Unión Europea entrou en vigor en xullo de 2010 a través do regulamento que regula o seu uso (CE 271/2010). Súa finalidade e proporcionar a os consumidores europeos unha marca que o identifique e que sirva para recoñecer os alimentos ecolóxicos que se producen e comercializan no ámbito da Unión Europea. E unha marca colectiva rexistrada na Oficina de Propiedade Intelectual do Benelux e nos rexistros comunitarios e internacionais.. Se utiliza para identificar os produtos certificados (con determinadas restricións) baixo a normativa de produción ecolóxica descrita no Regulamento (UE) 2018/848, no seu artigo 33 e no anexo V, e nos actos delegados o de execución que se adopten de conformidade con dito Regulamento.

### **4.4. Uso do Logotipo.**

Teñen dereito a usar o logotipo:

1- Clientes operadores inscritos nos rexistros: titulares ou non do Certificado de Conformidade.

-Clientes operadores con Certificado de Conformidade:

Poderán empregar o logotipo do CRAEGA na súa publicidade, sempre que cumpran o establecido ao respecto neste procedemento e cos seguintes requisitos: O logotipo do CRAEGA no caso de acompañar a os produtos o fará solo e exclusivamente xunto a os que se lles concedeu a certificación e que teñan a etiqueta aprobada polo CRAEGA. E para elo deberán realizar o proceso de solicitude do logotipo.

-Clientes operadores sen Certificado de Conformidade:

Os clientes operadores inscritos no CRAEGA pero que aínda non teñan obtido o certificado de conformidade poderán empregar o logotipo do CRAEGA na súa publicidade, sempre que non

acompañen ou fagan alusión a ningún produto en concreto. E para elo deberán realizar o proceso de solicitude do logotipo.

Ambos los dous:

- poderán utilizar o Cartel de Identificación (punto 4.6)
- cumprirán coas conseguíntes consideracións: no caso de baixa nos rexistros, retirada da certificación, ou, se así o considerar o CRAEGA nos casos de suspensión da certificación. Nestes supostos, será anulado o dereito para usar o logotipo.
- O Logotipo terá que estar xunto ao nome do operador, non vincularase exclusivamente a marca do produto certificado.

2-Empresas colaboradoras: aquelas que teñan asinado calquera tipo de contrato de colaboración, imprentas, venda polo miúdo, etc. Neste convenio recollerase a utilización do logotipo e do material no que se fai uso. De non terse recollido no convenio a utilización do logotipo, ditas empresas colaboradoras terán que realizar o proceso da solicitude da utilización do logotipo.

3- Empresas ou persoas externas. Puntualmente, e despois de realizar o proceso de solicitude de utilización do logotipo e tras ter a aprobación polo Xestor da Calidade do CRAEGA, se poderá empregar na publicidade, sempre que se cumpra o establecido ao respecto neste procedemento, e concretamente nestes casos o uso do logotipo sempre ten que ir referenciado ou xunto a imaxe do produto certificado.

En todos os casos o logotipo non pode utilizarse en tarxetas de visita do persoal das organizacións certificadas, nin dos operadores, tampouco pode utilizarse en calquera situación que poida dar lugar a unha interpretación incorrecta da condición de certificado polo CRAEGA, o que poida inducir a considerar actividades ou produtos non certificados como certificados.

#### **4.5 Proceso de solicitude de utilización do logotipo**

Tanto os clientes operadores inscritos ou certificados, como as empresas colaboradoras, e as empresas ou persoas externas, que desexen usar o logotipo nos seus elementos de publicidade, promoción, ou en calquera outro tipo de material (cartas, vehículos, etc), deberán axustarse ao seguinte procedemento:

- Solicitar por escrito ao CRAEGA a autorización para a utilización do logotipo, segundo o formato FPOC-07/02; indicando os medios e a forma en que será empregado o logotipo, así como as características do logotipo e acompañarase, se fora posíbel, de todo o material (soporte, imaxes, etc...) onde vai incluído o logotipo.
- O Xestor da Calidade do CRAEGA comprobará esta solicitude e, se fora necesario, enviará un comunicado indicando as modificacións que se deben realizar nas indicacións referentes á produción ecolóxica. O operador, feitas xa as correccións, deberá remitir á sede do CRAEGA o novo modelo corrixido.

- Se nun prazo de 15 días non houbera resposta do operador, anularase a solicitude.
- Unha vez comprobadas as correccións, o Xestor da Calidade do CRAEGA enviará a denegación ou a autorización definitiva por escrito, indicando a forma e as condicións de utilización. A aprobación estará condicionada polo criterio da mellor promoción dos produtos ecolóxicos e a claridade no mercado cara os consumidores.
- O CRAEGA creará un Rexistro destas solicitudes e denegacións ou autorizacións.
- As autorizacións non teñen período de validez, mais, en calquera momento, o CRAEGA poderá retirar a autorización por causa de incumprimentos nas condicións de uso. Neste caso, a empresa autorizada está obrigada a retirar do mercado, de urxencia, todo o material de calquera natureza que faga referencia á produción ecolóxica e/ou conteña o logotipo desta denominación; aportará probas desta retirada ao CRAEGA. En caso de controversia ou de non realizar a retirada do mercado, o CRAEGA informará deste feito á Autoridade Competente.
- O CRAEGA realizará no tempo revisións aleatorias para comprobar que se mantén as condicións nas que se autorizou o uso do logotipo.

#### **4.6.- Cartel de identificación.**

Os clientes operadores inscritos nos rexistros poderán solicitar ao CRAEGA a sinalización mediante cartel identificativo de parcelas ou de instalacións; empregárase o (FPOC-07/01) onde asinarán seren informados das condicións de uso destes carteis propiedade do CRAEGA

O Cartel identificativo consiste nun cartel de plástico vinilo de dimensións 25,5 centímetros por 34,5 centímetros para sinalizar as parcelas e de dimensións 30 centímetros por 41,5 centímetros para sinalizar instalacións; neste cartel aparecerán o Logotipo do CRAEGA e os datos de identificación da parcela ou instalación.

#### **4.7.- Mal uso do logotipo.**

Considérase un mal uso do logotipo o seu emprego en relación cos seguintes aspectos:

- Uso por clientes operadores ou entidades non autorizados para o seu uso.
- Uso por clientes operadores ou entidades cuxo período de validez para o uso de logotipo teña sido suspendido temporalmente ou retirado definitivamente.
- Uso do logotipo por parte de clientes operadores inscritos con Certificado de Conformidade, mais para produtos non suxeitos aos criterios da marca.
- Usos non previstos do logotipo: emprego en documentación comercial propia da empresa.
- Usos de formas, dimensións, cor, e outras características non definidas neste procedemento.





Ademais da súa comunicación á Autoridade Competente, ante todo uso abusivo do logotipo, o CRAEGA ten o dereito para iniciar, dentro do marco da lexislación vixente, toda acción xudicial que estimara conveniente.

#### **4.8.- Modificacións do logotipo.**

Toda modificación en relación á concesión do uso do logotipo comunicárase aos afectados, e precisarase, se for necesario, o prazo concedido para aplicaren as novas condicións.

#### **5.- ANEXOS**

- 5.1. Anexo I Logotipo do CRAEGA
- 5.2. FPOC-07/01: Solicitud de sinalización da explotación
- 5.3. FPOC-07/02: Solicitud de utilización do logotipo.

# ANEXO I




Tintas planas:



Pantone 471-C



Pantone 368-C



Pantone Yellow-C



Pantone 292-C



Escala de cores



Monocor



**CONSELLO REGULADOR DA  
AGRICULTURA ECOLÓXICA DE GALICIA**  
Ronda Emilia Casas Baamonde s/n  
(Edificio Multiusos)  
27400 Monforte de Lemos (Lugo)  
Tel.: 982 405 300 – Fax: 982 416 530  
e-mail: [craega@craega.es](mailto:craega@craega.es) [www.craega.es](http://www.craega.es)

## SOLICITUDE DE SINALIZACIÓN DA EXPLOTACIÓN.

D./D<sup>a</sup> ..... con D.N.I. ....; en condición de ..... da empresa ..... con número de rexistro do C.R.A.E.GA ..... con dirección en: .....; Concello de ....., Provincia de .....

### SOLICITA A CONCESION DE CARTEIS IDENTIFICATIVOS AUTORIZADOS POLO CRAEGA

Material:  Dous primeiros carteis gratuítos; ou un solo cartel no caso de ter inscrita unha soa parcela  
 Cartel adicional (previo pagamento de 6 € cada unidade) (Neste caso Axuntar copia do xustificante de pago coa solicitude.)

Modo de envío  Entrega na seguinte visita. En data .....  
 Recollida na sede do CRAEGA  
 Por transporte correndo os custos por conta do Cliente.

No caso de produción vexetal e produción animal: Parcelas integradas na súa explotación, a sinalizar:

PARAXE (Nome Parcela)	CONCELLO	POLÍGONO	PARCELA

No caso de empresas importadoras, comercializadoras, elaboradoras ou transformadoras. Espacios dentro das instalacións dedicadas a alghna das actividades baixo control da Denominación, que solicita sinalizar:

ACTIVIDADE	CONCELLO	INSTALACIONES	ESPACIO

O solicitante manifesta ter sido informado de tódolos dereitos e obrigas que lle corresponden e se compromete a cumprir con tódalas obrigacións que lle incumben, que figuran nas condicións ó dorso do presente escrito.

Vº Bº DO SECRETARIO DO C.R.A.E.GA

TITULAR OU REPRESENTANTE DA  
EXPLOTACIÓN

Asinado.: Javier García Lozano

Asdo.:.....

En ..... a ..... de ..... de 20.....

Pago:  *Transferencia a conta de ABANCA ES162080-0126-24-3040025754 (achegar o xustificante de pago)*  
 *Domiciliación bancaria a conta xa facilitada ao CRAEGA.*

## CONDICIONS PARA A CONCESION DE CARTEIS IDENTIFICATIVOS DO CRAEGA

### PRIMERA: CONTIDO DA CONCESION:

A autorización concedida só confire ó seu titular o dereito a sinalizar aquelas parcelas ou instalacións da súa explotación que figuren inscritas no CRAEGA como de produción ecolóxica, perante a colocación de carteis identificativos, nos termos e condicións contidos no presente documento. O emprazamento dos carteis identificativos será o que se detalla nesta solicitude.

### SEGUNDA: PROPIEDAD DOS CARTEIS E DOS SEUS CONTIDOS:

Os carteis identificativos e os seus contidos son propiedade exclusiva do CRAEGA

### TERCEIRA: OBRIGAS QUE IMPLICA A CONCESIÓN DA SINALIZACIÓN:

O titular da autorización está obrigado a:

- a) Non modifica-la posición dos carteis sen permiso do CRAEGA
- b) Manter a parcela ou instalacións nunhas condicións axeitadas e que salvagarden a imaxe da produción ecolóxica.
- c) Facerse responsable de velar pola integridade do cartel identificativo.
- d) Comunicar ó C.R.A.E.GA calquera deterioro que poida sufrir o cartel identificativo.

### CUARTA: TARIFAS DO SERVICIO:

O Cliente terá dereito a dous carteis identificativos de parcelas, que se lle farán entrega no momento da seguinte visita. Se o Cliente quixera mais carteis, se cobrarán a 6 € cada cartel, que ou ben se lle entregan na seguinte visita ou se envían por transporte ou correo, neste caso o Cliente correrá cos custos de transporte dos mesmos.

### QUINTA: REQUISITOS ESIXIDOS PARA A CONCESIÓN:

Poderán obter a autorización tódolos Clientes inscritos en calquera dos REXISTRO DE CLIENTES TITULARES DE EMPRESAS AGRARIAS, sempre que se encontren o día nas súas obrigas co CRAEGA obrigacións referidas no seu artigo 11 do regulamento de funcionamento, e mediante o pago do custo do servizo nos termos sinalados na regra anterior.

### SEXTA: EXTINCIÓN DA CONCESION:

A autorización extinguirase polos seguintes motivos:

- a) Renuncia do titular (mediante escrito dirixido al CRAEGA).
- b) Perda polo titular das condicións esixidas para a súa concesión.
- c) Perda da condición de titular nos Rexistros do CRAEGA.

### SÉTIMA: RETIRADA DOS CARTEIS IDENTIFICATIVOS:

No caso da extinción da concesión o titular da explotación está obrigado a retirar inmediatamente das súas parcelas ou instalacións os carteis identificativos.



**CONSELLO REGULADOR DA  
AGRICULTURA ECOLÓXICA DE GALICIA**  
Ronda Emilia Casas Baamonde s/n  
(Edificio Multiusos)  
27400 Monforte de Lemos (Lugo)  
Tel.: 982 405 300 – Fax: 982 416 530  
e-mail: [craega@craega.es](mailto:craega@craega.es) [www.craega.es](http://www.craega.es)

### SOLICITUDE DE UTILIZACION DO LOGOTIPO DO CRAEGA

Nome do solicitante: .....

Dirección: .....

En calidade de:

- Cliente certificado
- Cliente inscrito e aínda non certificado
- Outros casos

Solicita a utilización do Logotipo do CRAEGA nos seguintes medios de publicidade, promoción ou documentos varios:

Utilizando o Logotipo en base a seguinte forma:

Identidade gráfica do Logotipo: cor, dimensións, etc...

Achego o seguinte material onde vai incluído o Logotipo do CRAEGA:

En ..... a ..... de ..... de 20.....

Asinado